

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 21/10/2025 acordou:

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 17996/407.

Antecedentes:

O 14/10/2025 o xerente de Urbanismo, co conforme da vicepresidenta da XMU, emite o seguinte informe:

“De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ao Concello de Vigo, presenta ao Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2026.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Legislativo 2/2004, ao Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.



Copia do documento - Concello de Vigo
17996-407

Data impresión: 21/10/2025 10:20 Páxina 1 de 3
CSV: A4A7D8-27AEE4-255D2D-9MZ3D7-1VAE4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

CONTIDO SALIENTABLE

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2026 é de 11.789.290,61 euros, un 3,17% menos que en 2025, como consecuencia de que xa non se inclúen no Orzamento inicial os fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia financiado pola Unión Europea (fondos NextGenerationEU) para o financiamento do “Programa de axudas ás actuación de rehabilitación a nivel de barrio (ERRP)” (no Orzamento 2025 se presupostaron 2,3 millóns por este concepto, que representaba o 19% do total).

Sen ter en conta os 2,3 millóns dedicados en 2025 ao citado programa, o Orzamento da Xerencia medra un 12,31%.

Por outra banda a tramitación do Plan Estatal de Vivienda 2026-2030, no que o Concello de Vigo concurrirá, seguro que xerará recursos adicionais para a rehabilitación, mellora da eficiencia enerxética e incremento de parque municipal de vivendas.

Adicionalmente, serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito de ERRP e ARIs non executados a 31 de decembro de 2025 e en vigor durante 2026, que suporán un forte aumento nas consignacións do capítulo VII de Subvencións de capital, que permitirán pechar o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo e nos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada.

Estes datos globais poden desagregarse da seguinte forma:

O capítulo I de gastos de persoal recolle a previsión dun incremento salarial do 1,8% para o exercicio 2026, a actualización de partidas como antigüidade e seguridade social, e os incrementos salariais incluídos na modificación da relación de postos de traballo en trámite.

O capítulo II de gastos en bens correntes e servizos aumenta mais dun 9%, como consecuencia da necesidade de financiar determinadas accións que unha vez aprobado o PXOM debe ser obxecto de impulso: Plan de Ensanche, Proxecto de Barreiro, Observatorio de Vivenda, Bolsa de alugueiros municipais, proxectos expropiatorios e de urbanización, entre outros. Mantense as partidas para financiar os contratos de limpeza, seguridade, mantemento das instalacións e da oficina de rehabilitación, que permiten garantir o correcto funcionamento dos servizos.

O capítulo VI de investimentos mantén, ademais dos investimentos que garanten o bo funcionamento dos servizos (mobiliario, equipos), a consignación para a construción do edificio na parcela de Esturáns.

No capítulo VII mantense as axudas de accesibilidade, de iluminación de edificios catalogados e para a adecuación de vivendas destinadas ao alugueiro protexido.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que no seu capítulo III se incrementan un 20%, destacando a subida dos ingresos por liquidación de taxas urbanísticas, como consecuencia do bo comportamento deste tipo de ingresos ao longo deste exercicio 2025.

Existe suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo para o ano 2025, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2025 10:20

Páxina 2 de 3

17996-407

CSV: A4A7D8-27AEE4-255D2D-9MZ3D7-1VAE4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PROPOSTA

En conclusión, propónse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” para o exercicio 2026, que ascende ao importe de 11.789.290,61 euros.”

Votación:

EN CONTRA: 2 votos: 1 do PP: Sra. Sánchez Méndez e 1 do BNG: Sr. Pérez Igrexas.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 7 votos do PSOE: Sres. Caride Estévez, Rodríguez Rodríguez, Iglesias López, Fernández Pérez, Mejías Sacaluga, Aneiros Pereira e Iglesias González.

Acordo:

O Consello, por maioría, dictamina favorablemente o presente expediente e o eleva á Xunta de Goberno Local para a súa tramitación.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.
tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez



Copia do documento - Concello de Vigo
17996-407

Data impresión: 21/10/2025 10:20 Páxina 3 de 3
CSV: A4A7D8-27AEE4-255D2D-9MZ3D7-1VAE4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>